

Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se polo que se crea o Centro de Innovación Educativa e Dixital.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

De acordo co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia plena sobre o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

De acordo co artigo 22.1, apartado a), do devandito decreto, correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, entre outras competencias e funcións, a promoción de accións e programas de innovación educativa, así como a autorización de programas e proxectos específicos ou experimentais.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do



3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa investigación e a innovación educativa.

No artigo 102, referido á formación permanente do profesorado, establece que os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, tutoría, educación inclusiva, atención á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Tamén establece que as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade; e que, igualmente, lles corresponde fomentar programas de investigación e innovación, impulsando o traballo colaborativo e as redes profesionais e de centros para o fomento da formación, a autoavaliación e a mellora da actividade docente.

No artigo 111 bis da mesma Lei, referido expresamente ás tecnoloxías da información e da comunicación, establécese que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe e que o Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Por outra banda, no artigo 132 establécense como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.



Finalmente, na súa disposición adicional trixésimo quinta, sobre a promoción da investigación e innovación educativas, establece que o Ministerio e as administracións educativas responsables de Educación facilitarán a identificación de grupos de investigación e innovación educativas, fomentarán a creación de bases unificadas de coñecemento, evidencias e boas prácticas, e promoverán o desenvolvemento de centros de investigación que sexan referentes especializados, co fin de mellorar as prácticas docentes e os procesos educativos, elevar os resultados e asegurar a calidade da educación con maior equidade e inclusión. Así mesmo, promoverán a difusión de experiencias e o intercambio dos resultados relevantes da investigación e innovación educativas entre redes de centros educativos e as universidades.

Logo da publicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación unha das normas de referencia en canto á formación do profesorado e á innovación educativa na nosa Comunidade Autónoma é o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Gracias á publicación deste Decreto, levouse a cabo a reorganización da rede de formación do profesorado e a creación do Centro Autonómico de Formación e Innovación, que facilitaron ao profesorado ferramentas pedagóxicas, organizativas e metodolóxicas para o traballo na aula, mellorando así a súa capacidade de autonomía e decisión e abrindo un espazo que deu cabida á innovación educativa.

2. Necesidade e oportunidade

A memoria de legalidade, acerto e oportunidade elaborada pola actual Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa xustifica a creación do centro de Innovación Educativa e Dixital (CIEDIX) como o órgano encargado de identificar, diagnosticar e obter conclusións sobre a realidade educativa, posibilitando a súa transformación a través da investigación, da innovación e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i e da integración das tecnoloxías que incidan na mellora da calidade educativa.

[Consellería de Cultura, Educación e Universidade](#)
[Secretaría Xeral Técnica](#)

[Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo. 15781 Santiago de Compostela](#)



O centro dependerá orgánica e funcionalmente da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou unidade administrativa con competencias en Innovación Educativa.

Vivimos nunha sociedade que está en permanente evolución, na que os cambios se desenvolven con máis rapidez que no pasado e modifican a nosa forma de vivir e de comportarnos. O sistema educativo galego non é alleo a esta realidade polo que precisa levar a cabo de maneira permanente procesos continuos de transformación e actualización.

O traballo desenvolvido ao longo dos últimos anos nos eidos da innovación e da investigación educativas, e da formación do profesorado, apoiado na análise da realidade dos centros educativos, evidencia a necesidade dun novo impulso que permita ao noso sistema educativo convivir ao carón das demandas da sociedade galega e que o coloque nun lugar prioritario dentro do conxunto estatal. Xunto co anterior tamén se amosa, en aplicación dun criterio de oportunidade, o bo momento que está a vivir o sistema educativo galego logo dos esforzos realizados nas últimas décadas de cara á mellora na calidade do ensino.

Cómpre unha aposta decidida pola innovación como recurso emerxente e un traballo continuo de análise que acade evidencias científicas rigorosas para que as modificacións postas en práctica redunden nunha mellora efectiva da calidade do ensino, onde os recursos dixitais e a formación do persoal docente estean chamados a xogar un papel fundamental. Esta investigación de carácter marcadamente internacionalizado e interdisciplinar deberá propiciar o afondamento nos cambios metodolóxicos necesarios para motivar ao alumnado, mellorar a súa preparación, estimular a súa capacidade de inserción laboral e desenvolver estratexias cooperativas.

En definitiva, a innovación educativa ten que promover modificacións significativas no proceso de ensino e aprendizaxe no relativo aos métodos, aos recursos empregar, ao contexto e tamén aos procedementos de avaliación, polo que se fai necesario que a administración educativa continúe impulsando estes cambios.

Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo. 15781 Santiago de Compostela



Analizada a realidade, entendendo as necesidades e comprendendo a oportunidade que se presenta, propónse a creación dun centro especializado que se dedique de forma específica á promoción da investigación e da innovación no sistema educativo e á mellora da formación e cualificación profesional do profesorado de Galicia de cara a abordar coa máxima eficacia e eficiencia os cambios necesarios ante os desafíos da educación na era da dixitalización.

En definitiva, a creación deste centro de investigación e innovación de referencia e a súa concreción orgánica permitirán acadar os seus obxectivos, identificar necesidades, analizar e deseñar metodoloxías innovadoras, realizar estudos sobre espazos e equipamentos e organización de aula, para a súa posterior implementación e mellora, como fin último, do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo tanto, da atención ao alumnado.

Ademais do anterior, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá, a través deste centro, establecer canles de colaboración en materia de investigación e innovación con outras entidades ou institucións públicas, ou privadas sen ánimo de lucro, e que teñan entre os seus fins primordiais a investigación e a innovación educativa e establecer os oportunos convenios para aquelas accións que respondan aos obxectivos programados en materia de investigación e innovación educativa.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O seu artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola actual Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.



A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do actual conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 10 de maio de 2021, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico, de 26 de maio de 2021.

Non se incorporou nesta fase o certificado de consulta pública previa que esixe o artigo 41.2 dado que se trata dunha norma de carácter organizativo, non ten impacto na actividade económica e non impón obrigas relevantes aos seus destinatarios.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo actual conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 28 de maio de 2021, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 9 de xuño de 2021; á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 3 de setembro de 2021; e, a actual Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, emitido o 16/07/2021.

Consta no expediente ditame do Consello Escolar de Galicia de data 21 de xuño de 2021.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse á Consellería de Política Social unha análise do impacto demográfico do proxecto e a Dirección Xeral de Familia,



Infancia e Dinamización Demográfica emitiu informe con data 27 de xullo de 2021.

Consta no expediente o certificado emitido o 24 de xuño de 2021 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública conforme ao artigo 41.5 da Lei 16/2010, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 02/06/2021 e o 22/06/2021. Recibiuse unha suxestión a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

De conformidade co artigo 41.6 da LOFAXGA, prescínlese dos trámites de audiencia e información pública, dado o carácter puramente organizativo desta disposición.

Consta tamén tres memorias da actual Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, do 24 de setembro de 2021, sobre a incorporación ao texto do proxecto das suxestións efectuadas polos distintos órganos; sobre as alegacións efectuadas pola AMTEGA; así como sobre as suxestións recibidas en aplicación do trámite previsto no artigo 41.5 da LOFAXGA.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades emitiu o seu informe o 11 de agosto de 2022.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se polo que se crea o Centro de Innovación Educativa e Dixital.

Santiago de Compostela
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

